



Ref: ASR-09.05.18.1

De: Intervención Municipal

A: Alcaldía-Presidencia

Asunto: Informe complementario á liquidación do orzamento do Concello de Redondela correspondente ó exercicio 2017 (1910/2018).

De acordo co establecido no artigo 191 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais e no artigo 90.1 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título Sexto da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, a Intervención Municipal emite o seguinte informe:

A) Lexislación aplicable:

- Artigos 191 a 193 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.
- Artigos 89 a 105 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título Sexto da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.
- Capítulo IV do Título II (Regras 78 a 86) da Instrución de contabilidade para a Administración Local, de 23 de novembro de 2004.
- Bases de Execución do Orzamento do Concello de Redondela.

B) Consideracións a realizar:

En data de 26 de marzo, esta Intervención emitiu tres informes: ASR-28.03.18.1, ASR-28.03.18.2 e ASR-26.03.18.3 para a posterior aprobación liquidación do ano 2017 mediante a resolución de Alcaldía de 26 de marzo de 2018.

Coa remisión da mesma a través da oficina de coordinación financeira das entidades locais mediante a aplicación de captura da liquidación, observouse a existencia de dous erros que provocan que as magnitudes da estabilidade orzamentaria, do remanente de tesourería e da regra de gasto non estean ben calculadas.

No caso das dúas primeiras magnitudes, o erro provén do dato do saldo de acredores por devolución de ingresos a final do período que nos informes da liquidación que aparece por 10.497,34 €, cando o importe debía ser de 14.058,51 €. Como ese dato é utilizado para o cálculo da estabilidade orzamentaria e para o remanente de tesourería, os seus importes deben ser modificados. Así, no caso da estabilidade orzamentaria, esta cantidade debe pasar de 1.603.047,78 € a 1.599.486,61 €, o que fai que en termos agregados pase de 1.606.189,74 € a 1.602.628,57 €. Mentres, na remisión do anexo F.1.1.8 Remanente de tesourería, recolle o que chama remanente de tesourería de gastos xerais axustados, sendo un dos compoñentes para o seu cálculo, o consabido saldo de acredores por devolución de ingresos a final do período. Así, o importe pasará de 3.639.227,55 € a 3.635.666,38 €. En todo caso, este dato non forma parte do texto da resolución da liquidación.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Mentres, no caso da regra de gasto, a diferenca provén do importe agregado dos investimentos financeiros sostibles que nos informes de liquidación do Concello do ano 2017 aparecía pola cantidade de 336.101,38 €, cando o importe correcto ascende a 336.100,77 €, o que fai que o importe final da regra de gasto ascenda a 1.701,67 € e non a 1.702,28 €, o que en termos agregados fai que a regra de gasto que ascendía a 2.906,90 € en realidade sexa de 2.906,29 €.

Debe procederse a deixar constancia da existencia destas diferencias, mediante a enmenda dos datos da liquidación aprobada pola Resolución de Alcaldía 2018-0914 de 28 de marzo.

Este é o meu informe, que se emite en cumprimento do disposto no artigo 191 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.

Dilixencia de Alcaldía para deixar constancia da recepción deste informe.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE.